



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, deputada e voceira do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A DEFENSA DA AUTONOMÍA E DO PATRIMONIO LINGÜÍSTICO DE GALICIA** en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 2 da Constitución Española reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións de España. O Estatuto de Autonomía reconece a Galicia como nacionalidade histórica; detalla a súa constitución en comunidade autónoma para “acceder ó seu autogoberno”; e defende a necesidade das institucións e competencias propias para este fin. O artigo 3 da Constitución e o Estatuto de Autonomía reconecen tamén o carácter de lingua propia e cooficial do galego. A propia constitución mandata que “será obxecto de especial respecto e protección” por parte das administracións. Así mesmo, a lexislación reconece este patrimonio cultural, e os dereitos e obrigas lingüísticas, a través da Lei 3/1983, de normalización lingüística, e da Lei 5/1988, de uso da lingua oficial polas entidades locais.

O Tribunal Constitucional (TC) reconeceu plenamente ese dereito á autonomía e ó autogoberno. Tamén sentenciou que “corresponde ós poderes públicos competentes, en atención aos obxectivos da normalización lingüística e aos propios obxectivos da educación, organizar o ensino que debe recibirse nunha e outra lingua en relación coas distintas áreas de coñecemento obrigatorio para alcanzar un resultado proporcionado”. Noutro fallo declarou que a esixencia do galego para ó acceso á función pública é legal e non discrimina: “Nada se opón a que os poderes públicos prescriban, no ámbito das súas competencias, o coñecemento de ambas as linguas para acceder a determinadas prazas de funcionario ou que, en xeral, considérese como un mérito un nivel de coñecemento”, destaca a sentenza 82/86.

Durante as últimas semanas, diferentes manifestacións de líderes do PP, tanto nos medios de comunicación como nas súas propostas electorais, avanza un desproporcionado ataque contra o autogoberno e autonomía de Galicia recollidos na Constitución e nas leis que desenvolven este principio, e tamén contra o patrimonio lingüístico propio da nosa comunidade que debe ser obxecto de especial protección por mandato constitucional.

No seu último programa electoral, o PP anuncia unha estratexia para “reforzar a presenza do Estado” en todas as comunidades; para ampliar os recursos das delegacións do Goberno fronte ás competencias dos gobernos autonómicos; ou para impulsar medidas legais co fin de que as comunidades recentralicen competencias en favor do Goberno central. O PP chega a insistir

www.psdgpsdeourense.es

socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGdeOurense

Twitter: @PSdeGDepOU



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

na realización dunha “completa avaliación do Estado Autonómico desde unha perspectiva de eficiencia e de equidade”. No programa anuncian a paralización da cesión de novas competencias a Galicia, en contra dos acordos adoptados polo Parlamento galego e as entidades locais. Outras formacións incluso reclaman suprimir as comunidades autónomas.

O PP tamén anunciou que prohibirá esixir idiomas cooficiais para acceder a empregos públicos, blindando o español e prohibindo que a lingua cooficial sexa requisito indispensable. Igualmente pretende instaurar o castelán como lingua vehicular en todo o sistema educativo e en todas administracións públicas de España para “evitar que as linguas actúen como un elemento excluínte”.

Os socialistas consideran este carrusel de propostas un inaudito ataque á autonomía e o autogoberno de Galicia, que nos devolverá a tempos anteriores ó Estatuto de Autonomía. Estas propostas chocan contra os principios que rexen o autogoberno, e contra os dereitos dos galegos e galegas recoñecidos pola Constitución e o resto do ordenamento xurídico que tanto ben fixo polo progreso social, cultural e económico da comunidade.

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

1º-A Deputación de Ourense rexeita as propostas que reclaman reducir ou suprimir competencias de autogoberno adquiridas polas institucións autonómicas e locais de Galicia, segundo o establecido na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía.

2º-A Deputación de Ourense defende o mantemento da acreditación de coñecemento da lingua galego como requisito de acceso ó emprego público das institucións autonómicas e locais de Galicia.

3º-Instar ó Goberno de España e á Xunta de Galicia para que garantan efectivamente ó alumnado o coñecemento da lingua galega en igualdade co castelán, ó fin da etapa de ensino obrigatorio.

En Ourense, a 10 de abril de 2019.


Asinado: Elvira Lama Fernández.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

www.psdgsoedepourense.es

socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGdeOurense

Twitter: @PSdeGDepOU